

Cincuenta anos de Agrícolas, xerme do campus de Lugo

Camiño de Inverno,
un proxecto Alumni de honra

CADERNIÑO CENTRAL



SUMARIO

Lugo celebra cincuenta anos da primeira promoción de Agrícolas	4
Convenio Alumni e Consello Social USC: patrocinio económico	7
Darío Villanueva descobre nun libro as interioridades da súa ruta académica	7
O alcalde de Santiago, Sánchez Bugallo, destaca a alianza coa USC	8
Isabel Méndez Naya fala de feminismo e humanismo	10
Marcos Dios Almeida, premio XIV Relato Curto de Alumni USC	11
José María Carrera fala da medicina deshumanizada	12
<i>Lugín en Compostela</i> , mostra documental no Gaiás ata marzo	13
Alborés, presidente da asociación do Tambre, di que a USC era unha “gran descoñecida” para o mundo empresarial	15
Belén Hernández, xerenta do Consorcio de Santiago, asina o artigo <i>Sostibilidade e gobernanza</i>	16
Miguel Alcaraz, valedor da Comunidade Universitaria, presenta os datos da última memoria do órgano claustral	17
<i>Sociedade, investigación e mecenado</i> , mesa-redonda celebrada no Tambre sobre o programa de micromecenado da USC	18
O Herbario-SANT da USC, un patrimonio de 75 anos sen Conservador	21
Camiño de Inverno, un proxecto Alumni de honra	
CADERNIÑO CENTRAL	

EDITA

Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC

Casa da Concha
Universidade de Santiago de Compostela
15782 Santiago de Compostela
TEL_ 981 580 624 MAIL_ alumni@usc.es
www.alumniusc.gal
<https://www.facebook.com/alumniUSC.asociacion/>
<https://www.linkedin.com/pub/alumni-usc/ba/a57/b5a>

Dirección

Manuel Fraga Carou

Redacción e documentación

Inés Toca Carús
Mar Fernández Vázquez

Deseño e maquetación

Ana Cividanes Álvarez

Fotografía

Santi Alvite
Xaime Cortizo
Achegas dos socios
José Manuel Ortigueira
Deputación de Lugo

A Asociación respecta os artigos de opinión asinados e, por tanto, non se fai responsable do seu contido

DEPÓSITO LEGAL: C 2142-2017



SUMO+
valor Programa de
Micromecenado
da USC

**Cada achega SUMA
Faite de Sumo VALOR**

DOAZÓNS
www.usc.gal/gl/micromecenado

USC Consello Social
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Un convenio acaído e moitos camiños por andar

O 2020 deu comezo cunha boa nova: O reitor e a presidenta do Consello Social da nosa universidade acordaron asinar un convenio con Alumni USC que leva aparellada unha axuda procedente do orzamento do Consello Social. O reitor sempre manifestou de forma explícita o seu apoio á nosa asociación, unha proba é o feito de que unha vicerreitora do seu equipo –Mar Lorenzo– forme parte da xunta directiva de Alumni USC. Pero o feito determinante foi a vontade da actual presidenta do Consello Social, Cecilia Sierra, unha persoa que aprecia Alumni USC, que cre no importante papel que podemos desempeñar de respaldo á USC, así como difundir o seu prestixio. Con Cecilia compartimos un importante obxectivo: conectar a sociedade coa universidade. Gran parte dos profesionais que moven a actividade cultural e económica de Galicia formáronse na USC. A nosa asociación, aglutinando a estas persoas e implicándolas nos proxectos da Universidade, pode ser un instrumento magnífico para exercer a Responsabilidade Social Universitaria e lograr que a cidadanía coñeza e recoñeza o valor das misións universitarias.

Este convenio estivo vixente moitos anos, practicamente desde a creación de Alumni USC, e a súa desaparición hai cinco anos, momento en que a directiva que presido se fixo cargo de Alumni USC, levounos a unha situación económica moi precaria. Malia todo, con esforzo, alento e ilusión, conseguimos tirar para diante cunha actividade notable, grazas tamén á colaboración desinteresada de moitos socios e socias. Pero a recuperación do convenio vén a darnos a posibilidade de levar adiante ideas e proxectos que non foi posible realizar nestes anos por falta de recursos. Un deles é o de poñer en marcha un portal de emprego. Na actualidade existen sistemas de busca de ocupación a escala global, pero o noso quere facilitar a procura de traballo en Galicia ás persoas que o desexen. Un dos fins é minorar a saída de xente moza da nosa comunidade e, así, contribuír á retención de talento. Consideramos que esta é unha iniciativa de suma importancia para conectar co tecido empresarial galego e cos xoves, xa que o emprego é hoxe en día unha das súas principais preocupacións. Esperamos, igualmente, que nos axude á captación de socios e socias entre a mocidade, unha prioridade para nós. Confiamos en que o portal de emprego de Alumni USC sexa axiña unha realidade.

Enfrontamos o 2021 con esperanza e ilusión, confiando en que veremos a luz ao final do túnel pandémico. Desexamos que sexa un ano memorable para a nosa asociación, xa que cumprimos 25 anos en pleno ano xubilar compostelán. Como sociedade civil tamén quixemos facer a nosa achega á gran efeméride xacobeá, de aí que nos embarcemos



nunha singular aventura que contou co financiamento principal do programa O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia. Refírome ao proxecto *Camiño de Inverno. De Ponferrada a Compostela*, que consistiu na realización deste trazado que cruza a Ribeira Sacra e a produción dunha exposición de medio cento de fotografías, complementadas con pezas dos museos etnográficos de Arxeriz (O Saviñao) e Quiroga. O director do proxecto, comisario da mostra e autor das imaxes foi o noso socio incansable **José Manuel Ortigueira Bobillo**, ao que acabamos de outorgar a nosa distinción máis elevada: Socio de Honra. Parabéns e grazas por tanto, prezado Jose! Aínda que a expo e as camiñadas se viron truncadas polos confinamentos, a mostra regresou en outubro –e continuará o primeiro trimestre do 21– ao Hotel Oca Puerta del Camino, cuxa firma colaborou de forma determinante con xenerosidade económica e prestando o seu establecemento para senllos eventos relevantes: A brillante e multitudinaria inauguración da mostra o pasado 29 de febreiro, coa máxima relevancia institucional, e unha recente charla-coloquio con “heroínas” deste Camiño e o matemático poliédrico e profesor da nosa universidade **Antón Rodicio**. No verán pasou por Monforte de Lemos, e xa temos agúns convites para levala a outros lugares, entre eles, Lugo, a nosa sempre querida cidade das murallas.

Permitíndeme igualmente unha agarimosa felicitación e sincero agradecemento a **Inés Toca** –a nosa xestora técnica– e a **Manuel Fuentes** –co que casou este decembro–, outro incansable camiñante que durante moitos anos probaba previamente, coa muller, de forma desinteresada e magnánima, as rutas que logo andaría o club de sendeirismo. Así que moitos parabéns, parella!

E a todos, só me queda expresaros o meu agradecemento por manter vivo Alumni USC, ao tempo que fago votos por un ano mellor para todos.

Co meu agarimo,

Benita Silva
Presidenta

Efeméride chea de agarimo e simbolismo

O día 21 de novembro deste complexo ano 2020 celebramos un evento singular en Lugo arredor do monolito que Alumní USC ten no Recanto da Saudade: A conmemoración dos cincuenta anos da primeira promoción de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Galicia. Entre outras autoridades, asistiron a alcaldesa de cidade, Lara Méndez, e o presidente da Deputación provincial, José Tomé. As vodas de ouro dunha titulación que naquelas datas, 1967-1970, era singular en Galicia e preparaba o chan para que nacera o Campus de Lugo. Cómpre reflexionar nas razóns e na perspectiva que se marcou esa primeira promoción para elixir unha titulación que acababa de crearse na Universidade Galega.

A profesión de agricultor é multidisciplinar. Para quen non coñeza as tarefas agrarias ou agropecuarias non é doado entender esta afirmación, porque se pensa que as plantas nacen e medran soas e que os animais teñen autonomía. Pero non é así. En Galicia, a agricultura sempre estivo ligada á gandería, polo que nesta actividade se traballa con seres vivos, tanto do reino animal coma do vexetal. Uns son amigos e axudan a producir e outros son inimigos e constitúen pragas e enfermidades que afectan a animais e plantas. Isto xa de por si é unha gran complicación para o seu correcto manexo e para o uso responsable de fertilizantes e de material sanitario.

Ademais un agricultor ten que pelexar coa calidade dos seus produtos, ten que conseguir que lle saian as contas programando axeitadamente a reprodución e o mantemento da súa gandería e a planificación de cultivos, debe coidar de non contaminar o medio ambiente que lle dá a vida a el e



ao resto da humanidade, e ten que conseguir vender os seus produtos. Digo ben cando digo multidisciplinar.

Pois isto mesmo é o que se lles presentaba por diante ás primeiras alumnas e alumnos da nova Escola de Enxeñaría Técnica Agrícola do campus de Lugo. Como técnicos universitarios tiñan por diante un período de formación que deberían saber aplicar despois ao asesoramento dos agricultores e gandeiros daquela época, á incorporación de coñecemento e tecnoloxía no sector primario, tan escaso destes valores por razóns históricas, e tiñan que ver, como perspectiva, a posibilidade de implicarse na actividade agraria dende dentro, como produtores, como empresarios tal como comeza a verse cincuenta anos despois.

E todo isto había que pensalo nun momento histórico no que en todas as casas do medio rural se pelexaba e se traballaba arreo para que os fillos estudasen e puidesen marchar para outra vida mellor. Parecía unha contradición. Pero decidírono. E colocaron a primeira pedra ou a primeira semente ou fixeron o primeiro suco para que xerminara o Campus Terra de Lugo.

José Antonio Pardiñas García

Enxeñeiro Técnico Agrícola

Profesor de Topografía na

Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo



Edita López Folgueira

Enxeñeira técnica agrícola da primeira promoción de Lugo (1967-1970)

“Aquí se prefería un varón, pero as mulleres tivemos que buscar a vida fóra e lonxe das nosas familias”



Empezou na empresa privada, pero no camiño pasouse ao sector público, ocupando o cargo de xefa da Unidade de Construción de Novas Zonas Verdes do Concello de Madrid. Edita López Folgueira (Portomarín, 1950) é enxeñeira técnica agrícola pola USC e pertence á primeira promoción que saíu desta titulación do campus de Lugo. Ademais de profesora colaboradora nas escolas superiores de Montes e Arquitectura de Madrid, a profesional lucense –hoxe xubilada– foi secretaria xeral da Asociación Española de Parques y Jardines.

Foi emocionante o reencontro malia ser só uns poucos?

Foi emocionante para todos, presentes e ausentes, porque sei que dalgunha forma nos sentiamos unidos todos na distancia. Pero, ademais da emoción do momento, sentín a frustración de non poder compartilo con todos “en directo”.

Había catro mulleres na súa carreira naqueles anos finais dos sesenta

Di moito do carácter loitador e valente das que nos matriculamos naquela carreira considerada tradicionalmente masculina. Pero pagamos un alto prezo, porque, pasado un ano do final dos nosos estudos, non conseguíamos en Galicia un traballo acorde coa nosa formación. Aquí se prefería un

varón, pero nós tivemos que buscar a vida fóra da terra e lonxe das nosas familias.

Como era a relación entre as mulleres e cos mozos?


Moi boa. Persoalmente, eu non sentín ningunha discriminación e fixen boas amizades que aínda perduran hoxe. E as viaxes, tanto técnicas como lúdicas, foron moi divertidas, estreitando a comunicación e amizade entre nós.

Que lles dicía os seus fillos en canto á igualdade entre mulleres e homes?

Pouco tiven que dicirlles, porque viviron en primeira persoa a igualdade que existía na familia a calquera escala: laboral, doméstica, social... A día de hoxe creo que o agradecen, ou diso presumen.

Como profesional, aínda que leva moitos anos en Madrid, que opina da evolución do campo galego?

Agora valórase moito máis o sector primario. As explotacións agropecuarias creceron en tamaño, mellorando en infraestruturas e rendibilidade. As institucións fomentan a formación da poboación do medio rural. E vexo que hai un movemento importante por xuntar esforzos e agrupar medios de produción.



O FUTURO CAMPUS TERRA

O Campus de Lugo, Campus Terra na denominación que recolle a súa especialización académica, é un exemplo de campus orientado á actividade produtiva do seu entorno e perfectamente imbricado neste. O perfil de titulacións ofertadas no Campus Terra ten unha fonda relación co sector primario. Diferentes enxeñerías agrícolas, forestais e industriais, veterinaria, nutrición humana e dietética, entre outras, e másteres de especialización focalizados neste eido constitúen unha oferta de calidade contrastada e avalada en procedementos de verificación nacionais e internacionais. Ademais a estrutura académica do Campus complétase con outro conxunto de titulacións das áreas da ciencias, ciencias da saúde, ciencias sociais e humanidades, algunha delas con especialización ou enfoque agroalimentario. Todo este abano de titulacións artellou un Campus con oferta de estudos nas cinco áreas do saber, e que ao longo dos últimos cincuenta anos egresou un conxunto inxente de profesionais que contribuíron co seu traballo ao desenvolvemento económico do país, á súa modernización, e sen dúbida á construción dunha sociedade máis xusta. Asemade, a actividade investigadora levada a cabo nos centros e grupos de investigación asentados en Lugo traducíuse non só na xeración de novo coñecemento e posicionamento do Campus nos *rankings* internacionais (sobre todo en determinadas áreas de ciencias, veterinaria e enxeñerías relacionadas co sector primario), senón tamén nunha crecente transferencia de coñecemento ás empresas do sector, favorecendo unha mellora da súa competitividade.

Pero non esquezamos que ao longo dos próximos anos o Campus Terra enfrenta unha dobre encrucillada. Por unha parte, no académico, a diminución drástica de estudantes nalgúns títulos (antes boiantes de alumnado) xunto coa política de especialización dos campus, aconsella redefinir a oferta de titulacións, ou ao menos unha parte dela, optimizando recursos materiais e humanos. Por outra parte, no investigador, a necesaria consecución de mencións internacionais de calidade, como Campus de Excelencia Internacional (xa posta en marcha por parte da propia USC), debe tamén achegar unha reflexión sobre a investigación (básica e aplicada) máis axeitada a desenvolver coa complicidade e en beneficio do sector primario, segundo a especialización do Campus.

Esta tarefa de “repensar” o Campus Terra ten que ser unha tarefa colectiva, que terá que desenvolver e implicar, por suposto e en primeiro lugar á comunidade universitaria, que debe liderar o proceso, pero tamén á sociedade que a financia, como universidade pública que é. A ferramenta é a planificación estratéxica. Pensemos xuntos, universitarios, autoridades e institucións, empresas e sectores implicados, qué Campus Terra deberíamos ter dentro de quince ou vinte anos, e orientemos as decisións neste sentido.

Estamos a tempo.

Carlos Herrero Latorre
Vicepresidente Alumni USC

Convenio Alumni e Consello Social USC

O ano 2020 comezou cunha moi boa nova para a nosa asociación: O reitor da USC, Antonio López, e a presidenta do Consello Social, Cecilia Sierra, acordaron facer un convenio con Alumni que leva asociada unha **axuda económica de 15.000 euros** procedente do orzamento do Consello Social.

A pandemia veu a alongar a tramitación, polo que ata o mes de xullo non se puido asinar, algo que se tivo que facer de forma separada debido ás restricións. Así e todo, a titular de Alumni –Benita Silva–, López e Sierra mantiveron posteriormente unha xuntanza “moi cordial” na que intercambiaron ideas sobre os fins de Alumni, ao tempo que se reafirmaron no propósito de colaboración.



Un libro memorialístico para gozo de filólogos e humanistas

Darío Villanueva Prieto (Vilalba, 1950), catedrático emérito de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da USC, director da RAE 2014-19 e Reitor da USC 1994-2002, vén de publicar a memoria da súa inxente traxectoria académica e profesional, onde tamén asoman pensamentos persoais.

De los trabajos y los días. Filologías é o título da edición, que loce na capa o rótulo de Tránsito dos Gramáticos, rúa que leva á praza de Mazarelos, onde se ubicou o edificio propio da primeira Facultade de Filoloxía, hoxe Filosofía, logo duns anos en que acolleu os primeiros estudos de Xornalismo na USC.

Dividido en tres partes (unha autobiografía intelectual, tres entrevistas e o seu *currículum vitae*), estes “traballos e días” dan conta, en primeira persoa ou no diálogo cos entrevistadores, dun incansable labor universitario en ámbitos plurais: dende as tradicións filolóxica ou teórica ata a “crítica



pública”, o cosmopolitismo das literaturas comparadas, a defensa e promoción da cultura humanística ou a xestión académica. En todos estes terreos, Darío Villanueva deixou unha pegada que se pode apreciar a partir da documentación de primeira man que este libro nos ofrece. Así o recolle a sinopse da contracapa.

Ademais, Espasa publicará en marzo outra obra súa que tratará da posverdade e a corrección política. “La corrección política es una forma de censura sobre la lengua”, tal como declarou nunha entrevista publicada en setembro por *Nueva Revista*. E nunha entrevista a dobre páxina publicada este decembro por *El Correo Gallego* e asinada por María Almodóvar, o veterán profesor declara o seguinte en relación á tradicional crítica que se lle fai ás universidades españolas: “La endogamia es como el colesterol: la hay mala, pero también la hay buena”. *Pódese ler no seguinte enderezo:*

<https://www.elcorreogallego.es/tendencias/la-endogamia-es-como-el-colesterol-la-hay-mala-pero-tambien-la-hay-buena-CA5561015>

Darío Villanueva é socio de honra da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC, entidade cuxa creación el mesmo impulsou no ano 1996.



Darío Villanueva, entre Manolo Fraga e Benita Silva, nunha conferencia organizada por Alumni no edificio universitario de Mazarelos en 2016, cando era director da Real Academia Española



Xosé A. Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago

O Concello e a USC somos socios en multitude de actuacións, así como na programación cultural

Que importancia lle concede á USC na súa xestión cotiá?

A USC é unha parte esencial da vida de Santiago, que non sería a cidade que é nin nada parecido se non fose pola presenza e peso da Universidade. Os estudantes, os profesores son unha parte fundamental da nosa vida a todos os niveis. Tamén desde o punto de vista da xestión diaria, ese peso do estudantado e profesorado determina moitísimos aspectos da xestión municipal: transporte, organización do tráfico, seguridade pública...

Ademais das relacións institucionais fluídas, hai algún tipo de traballo conxunto?

Moitísimos. Somos socios en multitude de actuacións, por exemplo, na sociedade que organiza os cursos internacionais de verán, en Uninova –sociedade orientada ao emprendemento tecnolóxico–, ou na programación cultural de forma moi fluída e importante para ambas partes.

Está chamada a Universidade a xogar un papel decisivo na reindustrialización de Santiago?

Por suposto. A Universidade é socia con nós no Biopolo tecnolóxico. A base da reindustrialización que se formula cara ao futuro está sustentada na madeira, novas tecnoloxías e na biotecnoloxía; e as tres patas están profundamente

enraizadas na Universidade, onde se referencian multitude de ámbitos de investigación aos que lles pretendemos dar continuidade desde o punto de vista industrial. Non nos conformamos con que Santiago sexa só o lugar onde se estuda, tamén queremos que as consecuencias desas patentes se xestionen en Santiago e dean lugar á nova industrialización da cidade.

Como valora o traballo investigador da USC na loita contra a covid-19?

En temas de biotecnoloxía, Santiago é unha Universidade punteira. Hai programas de investigación que se están desenvolvendo na USC en colaboración con empresas multinacionais e con apoio de fondos europeos, así como do Consello Superior de Investigacións Científicas e doutras institucións. Santiago está sendo unha Universidade de referencia nesta materia.

“Achegamos 3,5 millóns de euros máis outro da Deputación para axudar á hostalaría, o comercio e a cultura”

Cre que se demonizou aos estudantes, toda vez que logo do cribado xeral non se chegou ao 1% de casos positivos?

Creo que a poboación universitaria pola súa propia natureza e características é moi difícil que pase desapercibida. Polo tanto, todo o que sucede con relación á universidade ten unha ampla proxección. Ese 0,82% ou 1,5% de universitarios que deu positivo nos colexios maiores é unha proporción idéntica á que hai no conxunto da sociedade. Non creo que demonización sexa a palabra axeitada, pero o estudantado ten máis mobilidade e é unha referencia que se visualiza moito máis.

O Concello fixo un gran esforzo de asistencia social no confinamento. Está en condicións de prestar axuda agora aos hostaleiros e comerciantes?

Imos aprobar estes días unha liña de axudas moi potente desde o punto de vista dos recursos municipais. Imos achegar 3,5 millóns de euros de fondos propios máis outro millón de aportación da Deputación provincial para a hostalaría, o comercio e a cultura. Son 4,5 millóns de euros en axudas que para nós é unha cantidade moi importante. E únese a outras decisións: non cobrar por terrazas no ano 2021 ou que, por exemplo, durante estes períodos de peche a parte variable, que é o custo fundamental na recollida de lixo, é o Concello o que os está pagando, que supón unha carga municipal enorme que se engade ao esforzo que facemos en política social ou nos colexios. Esta situación vai ter como consecuencia unha minoración dos ingresos municipais, porque o Concello de Santiago recibe máis do 80% dos seus fondos por autofinanciamento por licenzas de obras, imposto de construcións, plusvalías, imposto de actividades económicas... polo que os seus ingresos se van ver moi mermados.

“Estou convencido de que o 2022 vai ser un ano turístico excepcional”

Que pasará con Ano Xubilar 2021?

Vai haber dúas partes, dependendo da vacina e da súa xeralización. Previsiblemente o primeiro semestre estará totalmente condicionado pola covid-19, pero o segundo semestre terá unha recuperación intensa do turismo. E estou convencido de que o 2022 vai ser un ano turístico excepcional. Son optimista malia as circunstancias que temos.

De saber que tiña que lidiar este touro non regresaría á area municipal?

Ao contrario. Eu desde logo non pensaba que ía estar neste lío. Eu pensei que íamos xestionar un escenario completamente diferente, cun ano santo excepcional, con dez millóns de visitantes e unha aposta pola diversificación do tecido económico. Pero nun escenario como este, se pode ser útil ao conxunto dos cidadáns de Compostela, aquí é onde quero estar.

“Neste escenario pandémico, se pode ser útil aos cidadáns, aquí é onde quero estar”

Como se atopa física e mentalmente?

A verdade é que extraordinariamente ben nos dous sentidos. Atópome animado, optimista e fisicamente moi ben. Tiven que reaxustar os meus hábitos e as longas camiñatas que facía antes. Hai semanas que as repito un día, dous ou mesmo tres. Agora levántome máis cedo e procuro facer algo de exercicio pola mañá antes de ir traballar.

Que le actualmente?

O libro de Suso de Toro dedicado á familia Baltar.

“Atópome animado, optimista e fisicamente moi ben”





Feminismo e humanismo



Violencia, humillación, medo, silencio. Enfermidades do noso mundo que é necesario atender, do mesmo xeito que atendemos as doenzas físicas. Os movementos reivindicativos que tamén sementan enfrontamento, no mellor dos casos conquistan dereitos, como algunhas medicinas conquistan síntomas, pero non resolven causas. Por eso as conquistas sono sobre todo no papel, pero na sociedade civil unha e outra vez aparece o dano.

Manipulación, engano, explotación. Dicir hoxe que a muller é dona do seu corpo e que ten que ter os mesmos dereitos cos homes no mundo político, laboral e social é un discurso vello que só as mentes máis rudas poden cuestionar. Falar da confrontación home-muller só cabe tamén nas mentes máis rudas sexan do xénero que sexan. Homes e mulleres e todas as variantes de xénero nacen para entenderse.

Precisamos movementos que nos saquen da polaridade para incorporar dende a conciencia individual as diferenzas e así gañar mulleres e homes. Aquí ou nos salvamos todos ou non se salva ninguén. Non hai seguridade de que só é institucional. A lei que reconece a igualdade ten que medrar no corazón das mulleres e dos homes e, deste xeito a desigualdade que a natureza nos outorga non será nunca unha agresión, senón un agasallo para cada un dos xéneros.

A vida, antes ou despois, manifesta a súa necesidade de enriquecerse coa diversidade, con expresarse na unión dos complementarios. As sombras xorden e atacan onde non hai coñecemento nin posibilidades para desenvolver a responsabilidade individual. E, dende aí, todos seremos vítimas. É aí onde se precisan o traballo e o compromiso coa dignidade das persoas, independentemente do seu xénero. Necesitamos ese traballo ou estouraranos nos fuciños unha e outra vez a potencialidade destrutiva que levamos dentro. Temos que traballar nos dous eidos, no ámbito público da

igualdade na lei e no ámbito privado, na xestión adecuada do noso mundo emocional e a nosa dignidade e autonomía. Como é fora é dentro!

A competitividade implícita e explícita na nosa sociedade xenera violencia e frustración. E a violencia física é o recurso máis primario e básico. Ese que está o alcance de case calquera home e non escatima manifestacións! Pero a muller ten tamén unha forma de dominación máis sutil. As tendencias posesivas non son exclusivas dos homes. Aínda que o home ten a forza letal, a muller pode agredir e desgastar de xeito máis sibilino.

De novo, cómpre a educación para a responsabilidade individual, para o traballo coas propias miserias e inseguridades. Para ir aprendendo de nenos a superar a dominación dos instintos para que estean ao noso servizo. Aí está o verdadeiro traballo. O que nos dignifica na diversidade e evitará que a forza sexa usada para dominar, humillar ou matar.

Hoxe os movementos reivindicativos feministas poñerán a atención no empoderamento da muller, en fomentar as forzas e capacidades da muller, que son moitas, para que sexan primeiro útiles para elas mesmas e despois para todo o que as rodea. Os movementos tamén collerán forza recoñecendo as súas debilidades e identificando ben o campo de traballo. Nin todas as mulleres son inocentes nin todos os homes, animais. Eso xa o sabemos.

ISABEL MÉNDEZ NAYA

Profesora de Matemáticas da USC, xubilada

Autora do libro de recente publicación
Coral de voces e soños, editado por Andavira

O escritor vigués Marcos Dios Almeida gaña a edición pandémica cunha historia futurista, “orixinal e rica en léxico”, titulada *Nautas*

Está dotado con 500 euros, que achega o Hospital HM Rosaleda, pero o acto de entrega aprazouse sen data

Alumni outorgou a décimo cuarta edición do Premio Relato Curto a Marcos Dios Almeida (Vigo, 1975), polo seu orixinal titulado *Nautas*. A peza conta como o desprezo do home pola Terra, nun futuro apocalíptico, deviu nun cambio climático atroz e nunha guerra nuclear. Entre tanto, a humanidade queda reducida a un fado de homes e mulleres cuxa principal motivación no día a día é simplemente sobrevivir. O recoñecemento está dotado con 500 euros do hospital HM Rosaleda, aínda que o acto de entrega houbo de ser aprazado sen data polas razóns pandémicas.


O xurado resaltou a capacidade do autor á hora de presentar unha historia orixinal, de ficción científica e cun léxico rico en lingua galega. “O autor –engade a acta do fallo– retrata a idea dun desastre futuro cun estilo no que ocupa un lugar destacado o emprego de preguntas coas que dá entrada tanto a personaxes de nomes sonoros e singulares coma a elementos clave para avanzar na trama. En suma, foi capaz de narrar unha historia redonda en poucas páxinas, e de crear expectativas de sorpresa no lector a través do que non conta”.

O autor premiado é un debuxante e escritor que reside en Vigo, cun cuarto do seu sangue de orixe portugués e os outros tres restantes saídos das vilas mariñeiras de Bouzas, Ribeira e Muxía, segundo indica. Técnico en Gráfica Publicitaria pola Escola de Arte Antonio Faílde de Ourense, actualmente traballa como ilustrador e deseñador gráfico, actividade coa que tamén logrou diversos premios de cartelismo. No ámbito da literatura acumula unha boa produción de relatos, microrrelatos e novelas curtas, e en menor medida algúns



poemas e catro novelas infantís e dúas xuvenís escritas en galego, obra polo que obtivo diversos recoñecementos e galardóns. Este vigués confesa unha “incontestable devoción” por Castelao.

Ao certame concorreron unha trintena de orixinais e o xurado estivo formado por **Inma López Silva** –escritora e profesora–, **Adelaida Rey de la Barrera** –farmacéutica e socia de Alumni– e **María del Mar Fernández Vázquez** –docente e secretaria da Xunta Directiva de Alumni–. O xurado lamentou o “descoido pola escrita en galego” de gran parte dos relatos presentados, se ben ponderou a “orixinalidade e calidade” dos relatos que preseleccionou para debater e decidir o texto gañador.





José María Carrera licenciouse en Medicina en 1962 na Universidade de Santiago de Compostela. Posteriormente obtivo o doutoramento coa cualificación de *Cum Laude*. Durante 40 anos dirixiu os Servizos de Obstetricia e Medicina Perinatal do Insitituto Universitario Dexeus de Barcelona

MEDICINA DESHUMANIZADA

La catástrofe sanitaria y humana producida por el COVID 19, que ha ocasionado más 50.000 muertes, ha dejado en evidencia algunas de las debilidades de nuestro sistema sanitario. Incluso en los peores momentos de la pandemia se han roto las costuras de sus estructuras produciéndose verdaderos dramas especialmente en las Unidades de Cuidados Intensivos donde, como si de una guerra se tratase, los intensivistas han tenido que escoger a quién intentar salvar con la ayuda de un respirador, y a quién debían dejar morir por falta de recursos. Naturalmente los ancianos se llevaron la peor parte.

La sensación que teníamos de que nuestra sanidad era una de las mejores del mundo, si no la mejor, estalló como una pompa de jabón, cuando se revelaron algunos frios datos estadísticos. Mientras en los países de la OCDE cuentan con 17,2 médicos de familia por cada 10.000 habitantes, en España la cifra se reduce a 7,5, menos de la mitad de los necesarios. En los centros de primaria, que constituyen la primera barrera de contención, muchos médicos tienen que atender 35 pacientes al día, lo cual es un despropósito. Y la situación empieza a ser angustiante en las zonas rurales donde sólo se cuenta con 30.000 médicos, que son menos de una cuarta parte de los necesarios para atender debidamente a los habitantes de los más de 60.000 núcleos de población existentes. Y la situación es igualmente precaria en la enfermería, donde tenemos 5,3 enfermeras por cada 1.000 habitantes, contra las 8,3 que es la media de la Unión Europea. Estamos a la cola de todos los países de nuestro entorno, de forma que se considera que necesitaríamos 130.000 profesionales más para alcanzar los ratios de Europa y conseguir que los servicios sanitarios estuvieran bien atendidos. Por otra parte hay que valorar el hecho de que una de cada tres profesionales de la enfermería trabaja con un contrato laboral que cada vez tiene una duración menor, a veces de un solo día.

Pero la situación es igualmente grave en cuanto a infraestructuras y material médico. Con motivo de la crisis económica previa a la pandemia, se cerraron 16 hospitales de la Seguridad Social, y se inactivaron 5.000 camas hospitalarias y se perdieron 12.180 plazas de profesionales

en el sector público. Mientras el gasto sanitario en 2009 ascendió a 70.000 millones de euros, en 2014 descendió a 60.000 millones. Esto significó que no se repusieran equipos ni materiales para las unidades de críticos.

Pero para ser sinceros los problemas de nuestra medicina vienen de lejos. En los últimos dos decenios la atención sanitaria se ha deshumanizado claramente. La deriva de la medicina actual es muy diferente de aquella que tuve el honor de aprender en las aulas de la vieja Facultad de Medicina compostelana. Poco a poco se ha ido deshumanizando la asistencia sanitaria y pervirtiendo la relación médico-paciente. En estos años la medicina ha avanzado muchísimo y nuestra capacidad diagnóstica es sencillamente apabullante, pero tal vez hemos actuado como un ejército victorioso que ha avanzado demasiado sus vanguardias tecnológicas, descuidando sus retaguardias humanísticas y éticas.

Causas de esta deshumanización: introducción de aspectos comerciales en la relación médico-paciente, auge de la medicina socializada, excesiva fascinación por las nuevas tecnologías, cambios en las condiciones laborales, incremento de pacientes dependientes y ancianos, pero sobre todo la introducción de los ordenadores en los consultorios y departamentos hospitalarios, que si bien facilitan la actividad médica, aíslan al médico del paciente. Los usuarios se quejan de que el facultativo, después de introducir su nombre en la máquina, se sumerge en la pantalla del ordenador, le pide algunos datos sin mirarle una sola vez a la cara y lo despide sin que haya existido una verdadera conversación. Y, sin embargo, es evidente que una buena y adecuada transferencia entre ambos es fundamental para llegar a un buen diagnóstico y conseguir el mejor tratamiento posible.

La pregunta es ¿aún es posible rehumanizar la medicina? Y la respuesta es clara: hay que despertar conciencias, reforzar y extender los argumentos de los miles de médicos y profesionales de enfermería que, fieles a los postulados de Hipócrates, consideran que el diálogo médico-paciente es una pieza fundamental de una buena medicina. Naturalmente, hacen falta más recursos y una visión más humana del proceso de sanación para evitar la enorme precariedad actual. Y, sobre todo, hay que insuflar en el ánimo de los profesionales la idea de que aún es posible recuperar aquella medicina humana, personalizada y empática con la que soñaron al llegar a las aulas de sus facultades.

Lugín en Compostela, 150º aniversario do seu nacemento



La Casa de la Troya, no número 5 da rúa da Troia, foi unha antiga pensión de estudantes universitarios que Alejandro Pérez Lugín fixo famosa na súa novela do mesmo título publicada en 1915. Cando se cumpren cento cincuenta anos do nacemento do escritor e xornalista, a Cidade da Cultura



de Galicia, situada no monte Gaiás, acaba de abrir unha mostra documental sobre a súa figura e as moitas edicións do texto costumista ou de campus, obra que tamén tivo adaptacións ao cine e ao teatro.

Nas vitrinas da exposición xa figura un exemplar da primeira edición en galego, *A Casa da Troia*, que acaba de saír do prelo da man de Auga Editora, cuxo titular é o escritor e columnista Xosé Antonio Perozo, correspondendo a versión galega a Mercedes Pacheco Vázquez.

Lugín en Compostela poderá visitarse na Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura ata o 5 de marzo de 2021.

Recoñecemento madrileño a La Casa de la Troya

O Museo Casa de la Troya de Santiago de Compostela foi distinguido co Premio Memorial José Antonio Díaz Reneses a los Valores en la Tuna 2019 “polo respecto e o traballo de conservación e a promoción do patrimonio cultural da nosa irmandade universitaria”, tal como indica a acta deste galardón instituído recentemente por un grupo de antigos tunos de Madrid.

O acto de entrega celebrouse na Casa de Galicia da capital de España en febreiro, onde aos discursos seguiu unha actuación de Troianos de Compostela, agrupación musical

de pulso, púa, acordeón, gaita e percusión nacida ao abeiro do museo romántico en 2014. Interpretaron varias pezas do seu disco *Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya* para gozo do público que enchía o salón.

Como convidado de excepción estivo o cantor berciano-galego, Amancio Prada, que acabou por saír ao escenario para interpretar *Nasín cando as prantas nase*n, un poema de amor e natureza de Rosalía de Castro ao que Amancio lle puxo música recentemente. Un ágape en Casa Botín serviu de colofón a unha velada troyana inesquecible.



Xian Alcayde, voluntario covid na Facultade de Ciencias da Comunicación

“Levámolo con resiliencia e moral de victoria sobre o virus”



Xian, Rosalía e Sabela

O ano pandémico xerou un novo tipo de voluntariado na USC. Na facultade de Ciencias da Comunicación hai un grupo de cinco estudantes: **Xian Lois Alcayde** (A Coruña), **Carmen Pérez** (A Coruña), **Sabela Ulloa** (Vimianzo), **Uxía Sánchez** (Vilagarcía de Arousa) e **Rosalía Fernández** (A Coruña). Xian é o coordinador.

En que consiste a vosa tarefa?

Consiste en informar aos estudantes das normas e recomendacións da USC en relación coa covid, aclarando dúbidas e procurando o mellor comportamento posible. Os coordinadores de grupo estamos conectados a través de varias plataformas en liña e, ás veces, complicase a comunicación, pero é máis ben unha posición simbólica para cuestións de loxística.

Canto tempo levas facendo voluntariado na USC?

É a miña primeira vez na universidade, polo que levo dende outubro deste ano e ata o que se nos requira mentres dure a pandemia e afecte ao ámbito universitario. Está a ser unha moi boa experiencia, intensa no caso dos cribados, pero levámolo con resistencia, resiliencia e moral de victoria sobre o virus e con ganas de traballar.

Que cousas estades a facer con regularidade?

A nosa función é comprobar o cumprimento dos protocolos dentro da universidade, vixiar que as aulas estean ventiladas, que haxa xabón nos aseos, que se manteña a distancia física, que hai xel hidroalcohólico... No caso dos cribados, facemos múltiples tarefas de apoio, como a organización das colas, quendas, a asistencia informativa ou a vixilancia do protocolo nos pavillóns.

Cal sería o denominador común de por que facedes voluntariado?

Penso que é crear tecido, axudar, ser útiles en tempos onde a solidariedade e o colectivo debe imperar. Esta pandemia está a desbotar o superficial do necesario, o exclusivo do importante, queremos axudar e estar orgullosas e orgullosos cando miremos atrás no momento en que todo isto pase. E cómpre destacar o traballo encomiable das estudantes de Enfermería da USC, que traballaron arreo nos cribados e estiveron ao pé do canón; vin nesas rapazas unha actitude e un altruísmo abraiante que merecen o recoñecemento de toda a comunidade universitaria.

E que vos reporta este labor?

Coñecer moito máis a nosa universidade, os nosos compañeiros e compañeiras, e valorar a importancia do voluntariado, da axuda en común desinteresada polos demais.

Santiago Llovo presentou en Alumní a súa obra *Contra el mar y el viento*

SINOPSE

Os feitos que se contan neste libro de aventuras tiveron lugar entre 1748 e 1872. Amosan con toda crudeza as vicisitudes da navegación a vela en Fisterra. A importancia daquela dos portos de Camariñas, Corcubión, Noia, Muros e Riberia, entre outros, describen como era a vida a bordo das embarcacións que naquela convulsa época se dedicaban ao transporte de mercadorías polos mares do mundo.



Llovo, Silva e Almuíña

José Fernández Alborés, presidente da Área Empresarial do Tambre

“O noso proxecto estrela é o polo de biotecnoloxía, que será visible en 2021”



Iniciou os estudos universitarios de Ciencias Biolóxicas, pero preferiu cumprir co servizo militar e incorporarse axiña ao mercado laboral. José Fernández Alborés (Santiago, 1954) cofundou en 1994 Arteal S.L., empresa dedicada á carpintería de aluminio e vidro con sede no Polígono do Tambre, onde posúe unha nave de 3.200 m².

Arrepéntese de deixar a carreira?

En absoluto, encántame o mundo empresarial. Estaba algo cansado e decidín non pedir a prórroga do servizo militar, así que logo de facelo optei por incorporarme ao mercado laboral.

Como foi a travesía ata aquí?

Con moito esforzo e sendo moi activo á hora de responder aos retos do mercado. Cómpre evolucionar permanentemente coa mirada posta na innovación. A anterior crise económica foi durísima, xa que caeron todo tipo de empresas do noso sector, as boas e as malas. Lembremos que a construción de vivendas en España baixou de 800.000 a 40.000.

“Aínda nos queda bastante para volver á normalidade”

“A USC era unha gran descoñecida para o mundo empresarial”

E a actual crise derivada da pandemia?

A de hoxe non ten nada que ver. Afecta de forma brutal ao turismo e a hostalaría, así como a todos os seus indirectos. Por desgraza, malia as previsións dos gobernos, creo que aínda nos queda bastante para volver á normalidade.

Cal é o seu reto como presidente do Tambre?

Vinte anos como directivo e, agora, presidente. O noso reto fundamental é potenciar a asociación e, logo, sacar adiante os proxectos nos que estamos implicados. A estrela é o polo de biotecnoloxía, que pode achegar emprego de calidade e reter en Santiago aos universitarios que se están a formar nas distintas áreas de coñecemento.

Cre que a USC está preparada para ser un actor relevante nese desenvolvemento industrial da urbe?

A USC era unha gran descoñecida para o mundo empresarial. Digamos que vivía nunha burbulla, pero a situación está cambiando e traballamos conxuntamente para corrixila. Agora temos contacto directo co equipo reitoral e distintos grupos de investigación.

E cando será visible o biopolo?

O centro de fabricación avanzada debe comezar a súa construción no primeiro semestre de 2021. Tamén temos a esperanza de que ao longo do ano próximo se instale alí algunha empresa do sector.

Que fai a asociación por axudar a empresas e familias en tempo pandémico?

Levamos anos colaborando coas diferentes organizacións sociais, como Cottolengo, Cociña Económica, Proxecto Home, Banco de Alimentos... Agora temos como obxectivo facer unha escola infantil, en colaboración coa Xunta de Galicia, para o persoal que traballe na área empresarial.

Como ve Santiago?

É unha cidade pequena, pero moi cómoda para vivir, con moitas opcións culturais e deportivas. Gustaríame que os xestores municipais fagan unha aposta de futuro a longo prazo, á marxe dos tempos dunha lexislatura, para que Compostela non teña unha dependencia tan alta do sector servizos.

SOSTIBILIDADE E GOBERNANZA, PREMISAS ESENCIAIS



O Consorcio de Santiago de Compostela foi creado en 1992, como brazo executor das políticas emanadas do Real Padroado da cidade, que viña de ser declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e erixida como nova capital de Galicia.

Trátase dun **organismo constituído pola tres Administracións Públicas do país**, a Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago, que realizan achegas a un orzamento común para a realización de proxectos conxuntos. Isto, que resulta especialmente sorprendente nestes tempos, vén derivado da excepcionalidade da propia cidade, que conta cun dos legados de patrimonio histórico-cultural máis importantes do mundo, unido ao singular fenómeno de peregrinación coñecido como “Camiño de Santiago”, de fondas raíces europeístas. Tamén se toma en consideración a existencia dunha universidade de máis de cinco séculos de antigüidade, moi vinculada ao carácter monumental da cidade, e o feito de ser a sede institucional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos primeiros anos de funcionamento definíronse as que serían as **principais liñas de actuación**:

- **A dotación de equipamentos e servizos** que requiría unha cidade que se transformaba (Palacio de Congresos, Multiusos-Deportivo Fontes do Sar, novos viais, aparcamentos, recintos expositivos, zonas verdes...).
- **A recuperación e preservación do patrimonio arquitectónico da Cidade Histórica** con actuacións moi importantes de rehabilitación e restauración, tanto de edificios monumentais como vivendas e comercios, implicando aos cidadáns.
- **Unha intensa actividade cultural**, que tería o seu principal expoñente na creación da orquestra sinfónica, a Real Filharmonía de Galicia, de titularidade autonómica, pero xestionada polo Consorcio desde o 2001 e a Escola de Altos Estudos Musicais desde o 2011, ademais de grandes festivais e eventos.

Pero hai unha serie de **características intanxibles que permitiron que o organismo se converta nun referente nacional e internacional** que me gustaría destacar:

- **A esencia de “suma”** que está no ADN do Consorcio a través das súas tres administracións, **amplíase a outros axentes da cidade** e do país, en especial á USC a quen o Consorcio ten cedidos inmobles e propiedades e coa que colabora en múltiples iniciativas.
- **A sensibilización, concienciación e apoio aos propietarios e veciños do parque patrimonial** realizada polos técnicos da oficina técnica e recoñecida en todos os ámbitos e, o que é máis importante, moi apreciada polos seus perceptores.
- **A formación de técnicos implicados na conservación patrimonial**. Pero non só os técnicos son o obxectivo deste I+D+i particular. **Son os propios artesáns e traballadores das empresas rehabilitadoras os xeradores** e, ao mesmo tempo, destinatarios do **coñecemento** adquirido en máis de 25 anos de actividade restauradora nunha contorna patrimonial deste nivel.

Feitas estas reflexións sobre actuacións aínda viventes, pero deseñadas no pasado, e sempre coa mochila chea de toda a experiencia e coñecemento adquiridos, **toca agora mirar ao futuro e afrontar novos retos**, non por complicados e difíciles, menos estimulantes.

O concepto de patrimonio hai xa tempo que mudou. Pode dicirse que antes todo se cinguía aos bens inmobles, ao aspecto material, “pétreo”, como dicimos en Santiago, pero agora a definición inclúe á xente que o usa e todo o territorio e ecosistema que sustenta ese patrimonio. E como un todo debe entenderse e acometer a súa xestión. E todos debemos restablecernos, sensibilizarnos e formarnos para ser capaces de integrar este amplo enfoque do que depende o noso futuro. O que nos leva a dous aspectos horizontais de gran transcendencia están a obrigar a reformular gran parte das políticas e métodos de xestión tradicionais: a **sostibilidade e a gobernanza**. Sen eles, nada se entende no momento actual, non son opcionais. Referente á sostibilidade, aínda que o Consorcio, como se viu, sempre integrou ese concepto nas súas liñas de traballo, e mesmo foi pioneiro en aspectos como a eficiencia enerxética de edificios patrimoniais, debemos agora reformular todas as actuacións desde a sostibilidade como premisa prioritaria. O mesmo ocorre coa gobernanza; co exposto ata o de agora queda demostrada a fluída interconexión do organismo con todos os axentes implicados, pero o reto agora é deseñar os mecanismos que permitan integralos e involucralos na planificación e toma de decisións dunha forma eficiente e perdurable.

Como resumo, podo dicir que a data de hoxe, sen o Consorcio, estaríamos a falar dun Santiago completamente diferente.

Belén Hernández Lafuente

Xerenta do Consorcio de Santiago de Compostela



Miguel Alcaraz, valedor da Comunidade Universitaria da USC

“Ás veces teño a impresión de que a Universidade é un gran aparato que funciona por inercia”

É profesor de Psicoloxía e dende 2012 Valedor da Comunidade Universitaria, xa que resultou reelixido polo claustro para un segundo período que finalizará en 2022. Miguel Alcaraz García (Ourense, 1957), acaba de presentar a Memoria do Curso 2018-19, con retraso debido á pandemia.

Que destacaríades da evolución dos datos sobranceiros?

Como todos os anos, o 60% das queixas veñen dos estudantes, pero nese curso apréciase un significativo aumento das procedentes do persoal docente e investigador (PDI).

“A maior parte das queixas proceden dos estudantes, pero agora apréciase un significativo aumento das que veñen do PDI”

Referidas a que?

Problemas co programa de rexistro horario, conciliación e flexibilidade da xornada, presenza de radón ou disconformidade coa acreditación como criterio de antigüidade, entre outros.

De que está orgulloso?

De que continúe a redución do prazo de tramitación das queixas: O 69% resólvense en menos dun mes. Un dato que fala do alto grao de colaboración da comunidade universitaria e os seus órganos co Valedor.

O sistema, a burocracia ou a falta de recursos son os principais atrancos?

Ás veces teño a impresión de que a Universidade é como un gran aparato que funciona por inercia. Unha das eivas é a resistencia ao cambio nos procedementos establecidos dende hai tempo. Certo que hai un exceso de burocracia, aínda que en ocasións ven imposto por normas alleas á universidade que son de obrigado cumprimento. A pesar de que a USC tenta optimizar os recursos humanos e materiais, non son todos os que se precisarían para levar a cabo actuacións de mellora.

“O 69% das queixas resólvense en menos dun mes”


“Unha das eivas é a resistencia ao cambio nos procedementos establecidos dende hai tempo”

Diga algunha satisfacción especial derivada da súa tarefa?

As xestións feitas coa Reitoría e o Consello Social para que se abrise unha liña de axudas económicas para estudantes que, debido a causas sobrevidas ao longo do curso –como a crise económica ou o pasamento dos pais, por exemplo–, sufriran unha merma familiar nos ingresos que lle fixeran abandonar os estudos.

Cando non está na universidade, que fai, por onde anda, que lle gusta?

Fago unha vida relativamente normal, paseo coa miña muller, vou á piscina, os fins de semana adoito saír a tomar uns viños e cear cos meus amigos. Gústame o fútbol e son fiel seguidor do noso Obradoiro, gústame ler e, moito, facer crebacabezas de cinco ou seis mil pezas.



Asuntos frecuentes en porcentaxes relevantes

MEMORIA CURSO 2018-19

2 solicitudes de intervención

**56 consultas sobre como actuar (84% feitas por estudantes)
65 queixas diversas**

Sociedade, investigación e mecenado

A sociedade é xenerosa, urxe unha lei de mecenado moderna e clara ou o mecenado é unha cuestión de todos –desde as grandes doazóns ata os micromecenados– son algunhas das ideas esenciais que se deixaron oír na casa dos empresarios santiagueses o pasado 1 de xullo. **Unha mesa redonda sobre o mecenado na investigación universitaria, organizada pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela (Alumni USC), coa colaboración da Asociación Área Empresarial do Tambre e o Consello Social da USC,** congregou a medio centenar de persoas e a outras tantas a través de Internet, en aras de coñecer de primeira man o programa Sumo Valor que a USC puxo en marcha a principios de ano para captar fondos da sociedade civil para os seus grupos e proxectos de investigación.

130 doadores e 62.000 euros ⁽¹⁾

O vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade –Gumersindo Feijoo– sinalou que hai tres grandes programas na USC. Mecenado en xeral, que capta dous millóns de euros anuais; cátedras institucionais, que van de 25.000 a 250.000 euros por ano; e Sumo Valor, nome do programa piloto cuxo obxecto, ademais do recadatorio, é “dar a

coñecer a todo o mundo” o que fai a USC. “O fundamental é o número de persoas e entidades que participan. O balance do primeiro semestre do ano é que temos 130 doantes, 120 persoas físicas e 10 empresas. E a recadación ascende a 62.000 euros, dos que máis de 30.000 son para proxectos destinados a combater la COVID-19”, segundo explicaba Feijoo.

Desde vacinas a localización de focos de contaxio

O catedrático de Microbioloxía Jesús L. Romalde falou precisamente das liñas de investigación da USC relacionadas co coronavirus. Hai varios proxectos, normalmente en colaboración con outras entidades, referentes a vacinas, monitorización de cepas, estudo de supercontaxiadores, identificación de determinantes xenéticos para predicir a gravidade da enfermidade, modelos de predición dinámica, localización de focos de contaxio, investigación a partir da análise de augas residuais... “A USC, así como os sistemas universitarios galego e español deron unha boa resposta científica á pandemia”, segundo concluíu o profesor Romalde.



⁽¹⁾ En decembro 2020 xa se superaban os 100.000 euros e os 300 doadores



Responsabilidade social corporativa

A profesora de Dereito Tributario e Financeiro da USC Luz Ruibal sinalou que en España hai cultura de mecenado, “pero falta a canalización da axuda cara determinadas sociedades”, segundo precisa. Por outra parte, as aportacións poden recuperarse vía declaración da renda. Ata 150 euros, bonifícase o 80 e a partir desa cantidade, un 35%. Para o micromecenado á universidade a dedución incrementase un 5%. Ademais, en Galicia existe unha bonificación do 25%, que se suma á dedución estatal. “A universidade e a empresa teñen unha relación simbiótica e poden beneficiarse mutuamente a través da responsabilidade social corporativa das compañías”, tal como destaca a profesora Ruibal.

En Vigo, fidelizados 12.000 antigos alumnos

O veterano presidente do Consello Social da Universidade de Vigo, Ernesto Pedrosa, falou na súa intervención como relator da experiencia viguesa, ao poñer en marcha un observatorio de egresados. “Temos actualmente uns 12.000 antigos alumnos fidelizados que queren colaborar coa universidade, e estamos traballando con eles para conectar co pulso da sociedade e posibilitar o mecenado”, segundo explica Pedrosa, que tamén avoga por unha lei de mecenado e maior participación social.

A USC, un actor “imprescindible”

A presidenta do Consello Social da USC, Cecilia Sierra, repasou a evolución da filantropía cara a responsabilidade social empresarial, ao tempo que destacou á USC como un actor “imprescindible” na loita contra a COVID-19 a través do programa Sumo Valor. “Todos formamos parte dese empuxe, xa que a responsabilidade social non só ten que ver coas empresas, senón con todos nós”, tal como advertiu Sierra.

A campaña Biopsia Líquida, 800.000 euros

O coloquio seguiu coas exposicións individuais con intervencións presenciais e dos internautas. O director do grupo de investigación ONCOMET (Oncoloxía Médica Traslacional) e da campaña de micromecenado Biopsia Líquida, Rafa López, lanzou un órdago á sociedade: “A sociedade civil, que é xenerosa, ten que ser o motor da evolución. Temos demasiado medo ao fracaso e tampouco sabemos comunicar. É imprescindible unha lei de mecenado moderna, esquecendo as deducións do 30%, xa que noutros países de Europa son máis do dobre. E hai que mover o sistema en canto á asesoría xurídica e á lei de protección de datos”. En relación á campaña da biopsia líquida, que leva recadados 800.000 euros, subliñou que a base do éxito foi comunicar “unha mensaxe clara” á sociedade galega.

O profesor da Facultade de Medicina e xefe de Neurocirurxía do CHUS, Miguel Gelabert, quixo chamar a atención sobre a necesidade de ampliar o mecenado á asistencia sanitaria, como por exemplo a doazón de tecnoloxía aos hospitais. “É necesaria unha lei clara en España para que non teñamos que ocultar as doazóns”, sentenciou o doutor Gelabert.

O ecónomo do Arcebispo de Santiago, Fernando Barros, apostou por unha visión empresarial e global e por unha estratexia da economía do coñecemento enfocada a resolver os problemas da sociedade. “É fundamental unha conexión co mundo empresarial”, subliñou.

Unha “estrutura específica” en Alumni USC

Finalmente, o experto en emprendemento universitario e capital risco, José Manuel Ortigueira –que enviou os seus comentarios polo chat–, enfatizou que as universidades

públicas están lexitimadas social e xuridicamente para captar recursos a través da filantropía, engadindo que deben demandar o apoio da sociedade civil e dos empresarios para conseguir financiamento de proxectos que redunden en beneficio de todos. Ademais, Ortigueira propuxo á sala a creación en Alumni USC dunha “estrutura específica”, co apoio da USC e o seu Consello Social, cuxa misión sexa o desenvolvemento de plans de mecenado e patrocinio dirixidos á investigación universitaria e á realización de actividades culturais que vinculen a universidade coa empresa.

Outras intervencións sobre unha maior implicación dos profesores universitarios nestas accións de conexión coa sociedade e o entorno completaron as dúas horas previstas da mesa redonda, un acto que abriron os titulares da Asociación Área Empresarial do Tambre, José F. Alborés, e de Alumni USC, Benita Silva. O evento pódese visualizar na seguinte dirección web <https://www.alumniusc.gal/actividades/mesas-redondas/>

Alianzas e unidade de acción

Os organismos conectores, como o Consello Social da USC, cuxa misión é facer de ponte entre unha organización ou entidade determinada e a sociedade en xeral somos uns grandes descoñecidos. Así e todo, temos a mesma importancia que as autoestradas, toda vez que nos dedicamos tamén a unir, poñer en contacto e mesmo xuntar dous polos ou lugares. A diferenza é que somos intanxibles. Pero ben está se logramos cumprir esa tarefa de mesturar, no noso caso, a Universidade de Santiago de Compostela e os distintos sectores e ámbitos sociais do seu entorno.

Actos como o celebrado na Asociación Empresarial do Tambre, coa participación de investigadores, clínicos, profesores, autoridades académicas, empresarios, profesionais e entidades asociativas, constitúen unha imperiosa necesidade que debemos converter en habitual. Xuntarnos para coñecermonos ou poñermonos cara, compartir ideas e coñecementos, e contrastar e debater sobre as diversas opinións, é un exercicio eficaz en aras da pretendida mestura ou conxunción.

A pandemia púxonos a todos, persoas e institucións, fronte a unha inmisericorde e terrible realidade. Máis ca nunca, impóñense a cooperación e as alianzas, así como a unidade de acción. Antóllaseme que é a única forma de vivir con esperanza en tempos da covid. E, xuntos, ganar!

Cecilia Sierra

Presidenta do Consello Social da USC
Vicepresidenta de UROVESA



Francisco Javier Amigo Vázquez
Botánico e último Conservador
do Herbario SANT da USC

“Conservamos mostras do s. XIX perfectamente recoñecibles”

Cúmprense 75 anos da creación do Herbario SANT e Banco de Xermoplasma da USC, un servizo universitario concibido para a recompilación e catalogación de “flora galaica especialmente, e en xeral, a flora española, así como a formación dun herbario de especies exóticas principalmente as medicinais”, como se recollía no documento de normas para o funcionamento do xardín botánico asociado aos estudos de Farmacia asinado o 7 de decembro de 1945.

Francisco Javier Amigo Vázquez (Mondoñedo, 1956), licenciado en Farmacia, doutor en Botánica e profesor deste departamento, foi o Conservador entre 1990 e 2016 deste patrimonio da USC que contén 130.000 mostras.

Por que non segue sendo o seu responsable, profesor?

Renunciei cando se xubilou o técnico de laboratorio, que levaba 23 anos con nós, e non o quixeron substituír. É dicir, non cubriron unha figura importante que facía o labor mecánico corrente. Así que o actual responsable é o técnico informático.

Onde se gardan as mostras?

Temos cinco seccións. Tres delas, o corpo principal, ubícase en Farmacia nas dependencias do departamento de Botánica. A colección de plantas vasculares son uns 80.000 pregos; a de algas, 35.000; e a de xermoplasma, unhas 530 mostras.

E as outras dúas coleccións?

En Bioloxía. A de musgos cuns 5.500 pregos e a de liques con preto de 11.000. A razón desta separación obedece a que os botánicos especialistas en musgos e liques, os que traballan e subministran mostras, están nesa facultade.



Quen o alimenta?

Un herbario aliméntano os investigadores que traballan en campo e recolectan mostras; entre estes hai persoal investigador do noso departamento de Botánica, pero tamén doutras universidades galegas ou alleos.

E a documentación?

A documentación empeza por esixir ao colector uns datos mínimos (lugar e data de recolección da mostra, autor e nome do exemplar na medida en que se poida identificar). Logo, o noso labor é incluír esa información nunha base de datos para que cada exemplar que entra teña un número de rexistro irrepitible.

Cales son as plantas máis importantes que conservan?

Todas son importantes como parte dun gran conxunto. Conservamos mostras recollidas a mediados do s. XIX que aínda son perfectamente recoñecibles. As coleccións do SANT, ademais do seu valor científico, teñen un valor patrimonial para a USC como testemuñas de investigacións realizadas no pasado, que nalgúns casos serían irrepitibles hoxe.

Coa prevista demolición da actual Facultade de Farmacia, que pasará co SANT?


Aínda que se barallaron o Centro de Investigacións Biolóxicas (CIBUS) e o Museo de Historia Natural, pensamos que a mellor reubicación é o departamento de Botánica da Facultade de Bioloxía, reagrupando alí, ademais, as cinco coleccións do SANT.

Interésalles a exhibición do herbario?

A prioridade dun herbario é a preservación para investigación. De todas formas, desde o SANT xa elaboramos exposicións divulgativas que mesmo fixemos itinerantes por centros de media e de FP; pero sempre a base de fotos ou colectando mostras a propósito para ser exhibidas, nunca as orixinais. Malia todo, hai un banco de 5.000 imaxes en Internet entrando polo portal GBIF.

**“A mellor reubicación
é a Facultade de Bioloxía
cando se tire Farmacia”**

Novidades editoriais



Ricardo Carvalho Calero. As formas do compromiso: Día das Letras Galegas 2020

Coordinador: Francisco Cidrás
Colección: Día das Letras Galegas
ISBN: 9788417595869
Páxinas: 395



El legado científico de las Fuerzas Armadas en Galicia y de los gallegos pertenecientes a las Fuerzas Armadas

Autores:
José Ángel Docobo Durántez,
Fernando Julio Ponte Hernando
Iván Fernández Pérez
Pedro Pablo Campo Díaz
José Ramón González Romay
Colección: Outras Publicacións
ISBN: 9788418445064



De los trabajos y los días. Filologías

Autor: Dario Villanueva
Colección: Outras Publicacións
ISBN: 9788417595999
Páxinas: 340



Outros e novos queixumes: de filosofía e literatura en 'Queixumes dos pinos' de Eduardo Pondal

Autor: Luís García Soto
Colección: USC Editora. Ensaio
ISBN: 9788417595401
Páxinas: 243



Perfiles, factores y contextos en la enseñanza y el aprendizaje de ELE/EL2: XXIX Congreso Internacional de ASELE, Santiago de Compostela, 5-8 de septiembre de 2018

Coordinadores:
Pilar Taboada-de-Zúñiga Romero
Rocío Barros Lorenzo
Colección: Cursos e Congresos
ISBN: 9788417595487



La narrativa de Delibes (1948-1998): cambio y tradición

Autor: Alfonso Rey Álvarez
Colección: USC Editora. Académica
ISBN: 9788417595302
Páxinas: 342



Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero

Autores:
Historia
Mónica Moreno Seco

Física
Encina Calvo Iglesias

Filosofía
Sonia Reverter-Bañón
**Socioloxía, Economía
e Ciencia Política**
Rosa María Ortiz Monera
Anna María Morero Beltrán

Dereito e Criminoloxía
María Concepción Torres Díaz

Psicoloxía
Esperanza Bosch Fiol
Salud Mantero Heredia
Filoloxía e Lingüística
Montserrat Ribas Bisbal

Medicina
María Teresa Ruiz Cantero
Educación e Pedagogía
Monsterrat Rifà Valls
Historia da Arte
Maria Lluïsa Faxedas Brujats
Ciencias da Computación
Paloma Moreda Pozo

Colección:
Guías para unha docencia
universitaria con perspectiva
de xénero
ISBN: 9788417595807

SOCIOS PROTECTORES

Alumni USC conta con socios protectores das cidades de Santiago de Compostela, Lugo e Pontevedra e tamén doutras localidades das respectivas provincias.

ZONA SANTIAGO

DESDE 2014

Cafetería LEMBRANZA

Rúa Montero Ríos, 39. 15701 Santiago
TEL_ 981 593 636
www.cafeterialembianza.com

COPY NINO

Avda. Rosalía de Castro, 58, baixo
15706 Santiago de Compostela
TEL_ 981 590 302
www.copynino.com

Librería FOLLAS NOVAS

C/ Montero Ríos, 37. 15706 Santiago
follasnovas@follasnovas.es
TEL_ 981 594 406 FAX_ 981 590 612
www.libreriafonsecadecompostela.es

PARADORES de Turismo de España

Praza do Obradoiro s/n
15704 Santiago de Compostela
TEL_ 981 582 200
www.parador.es/es/paradores/parador-de-santiago-de-compostela

HOTEL MONUMENTO SAN FRANCISCO

Campillo de San Francisco, 3. 15705 Santiago
TEL_ 981 581 634
www.sanfranciscohm.com

DESDE 2015

Carrocera CASTROSUA

Carretera de A Coruña Km. 59,5
15890 Santiago de Compostela
TEL_ 981 552 460
www.castrosua.com

LÁPICES 4

Avda. da Coruña 4-baixo. 15701 Santiago
TEL_ 981 580 429
www.lapices4.com

Restaurante CAMILO

A Raíña, 24. 15705 Santiago
TEL_ 981 584 593

JOSÉ OTERO

Xeneral Pardiñas, 13-baixo. 15701-Santiago
TEL_ 981 569 230

VÍA LÁCTEA COMUNICACIÓN

Praza da Nosa Señora da Mercé de Conxo, 6-1º C
15706 Santiago de Compostela
TEL_ 981 554 407
www.vialactea.es

DESDE 2016

LIMPIEZAS SALGADO

Fernando III El Santo, 41
15701-Santiago de Compostela
TEL_ 981 599 089
www.salgadolimpiezas.es

DESDE 2017

UNA GRUPO BUSINESS GLOBAL S.L.

Avda. Barcelona, 33-local 1 A
15706 Santiago de Compostela
TEL_ 902 150 152
www.unagrupo.com

A CESTA DA SAÚDE

Rúa Ramón Cabanillas, 10
15701 Santiago de Compostela
TEL_ 981 592 595

DESDE 2018

HYGGE by Sabucedo & León S.L.

San Pedro de Mezonzo, 28
15701 Santiago de Compostela
Loft Santa Marta. Avda. de Montevideo, 1-1º E
15706 Santiago de Compostela
TEL_ 881 998 791 / 670 417 405
www.hyggepilates.com

CÁMARA DE COMERCIO de Santiago

San Pedro de Mezonzo, 44. 15701-Santiago
camara@camaracompostela.com
www.camaracompostela.com

DESDE 2019

COUCEIRO Librerías

Praza de Cervantes, 6 15704-Santiago
TEL_ 981 586 237
libraria@librariacouceiro.gal
www.couceirolibrerias.com

CAMPUS NA NUBE

Seminario Estudos Galegos 15705-Santiago
TEL_ 881 814 854
antonio@campusnanube.com
www.campusnanube.gal

AGARIMO Café-pub

Preguntorio, 2 15704 Santiago
agarimocervantes@gmail.com
www.facebook.com/pages/Caf%C3%A9-A9-Pub-Agarimo/150962324951070

DESDE 2020

Gráficas Garabal S.L.

Codesedas, 5 (Figueiras)
15897 Santiago de Compostela
TEL_ 981 562 595
graficagarabal@graficagarabal.es
www.graficagarabal.es

ZONA A CORUÑA - FERROL

GENESAL ENERGY

Parroquia de Cortiñán D-13-14
15165 Bergondo
TEL_ 981 674 156
www.genesalenergy.com

GRUPO INTAF

Ctra. de Cedeira km 1,5. 15570-Narón
TEL_ 981 397 142
intaf@intaf.com www.intaf.com

ZONA LUGO

DESDE 2015

Restaurante "FONTE DO REI"

Avda. Madrid, 5 y 63. 27002 Lugo
TEL_ 982 245 608 e 982 223 711
www.fontedorei.es

Restaurante MESÓN DE ALBERTO

Rúa da Cruz, 4. 27001 Lugo
TEL_ 982 228 310
www.mesondealberto.es

PRELO

Ronda da Muralla, 34-baixo. 27002 Lugo
TEL_ 982 280 359
www.prelo.es

EL PROGRESO DE LUGO

C/ Ribadeo, 5. 27002 Lugo
TEL_ 982 298 146
www.elprogreso.galiciae.com

DESDE 2016

ARESA

Avda. Madrid, 187. 27002 Lugo
TEL_ +34 982 222 400 FAX_ +34 982 222 502
www.aresa-agricola.com

DESDE 2017

AMSLAB S.L.

Avda. Benigno Rivera, 56. 27003 Lugo
TEL_ +34 982 808 074
www.ams-lab.com/web2012

DESDE 2020

Aserener SLU

Rúa Río Sil, 44, baixo. 27003 Lugo
TEL_ 982 253 446
www.instalacionescruz.com

ZONA PONTEVEDRA

DESDE 2016

COGAL

Alceme. 36530-Rodeiro (Pontevedra)
TEL_ 986 790 100
www.cogal.net

BODEGAS TERRAS GAUDA

Estrada Tui- A Guarda km 55
36760 O Rosal (Pontevedra)
TEL_ 986 621 111
www.terrasgauda.com

GUIMERÁNS Trofeos S.L.

Rúa Cobian Roffignac, 19-baixo
36007-Pontevedra
TEL_ 986 167 176



PRAZA DE MAZARELOS

José Barreiro / 19